

## Retorno, regreso, devolución

O retorno a Galicia, aquilo polo que apostaba Carmela Arias y Díaz de Rábago, non debe ser entendido unicamente como regreso, senón tamén como **devolución**, coma investimento e aposta de futuro en Galicia. Este País só será convertido nun lugar atractivo para vivir se nós o facemos atractivo. Non se vai transformar por si só. Nós, coma bolseiros, privilexiados e que estivemos expostos ás mentes máis clarividentes dos nosos campos, podemos converternos en parte desa elite que faga futuro, que faga País e xere ilusión. Converterse nunha forza dinamizadora que xere emprego e ós poucos, vaia cambiando o País cara a onde nós o soñamos.

**“Chama a atención que entre os bolseiros haxa tan poucos emprendedores”**

**“O retorno a Galicia non debe ser entendido unicamente como regreso, senón tamén como devolución, coma investimento e aposta de futuro en Galicia”**

Non agardemos a que outros o cambien, porque iso probablemente non vai suceder. É unha ocasión, esta circunstancia económica na que estamos mergullados, para iniciar unha aposta persoal, que asemadea exemplo, implantando os valores que desexamos que haxa na sociedade e elimine certas prácticas que por desgraza aínda non son excepcións no tecido empresarial galego. ●

(1) “La vida es efímera, el legado, permanente”, entrevista a Carmela Arias y Díaz de Rábago por Carlos Fernández en “La Voz de Galicia”, 31 de outubro de 2009.

(2) Directorio de becarios de posgrado en el extranjero 1990 – 2007. Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2008

(3) Fuga de cerebros? A diáspora científica galega (I). Caderno de pensamento cívico nº 3. *Renova Galiza*. Número 3, xullo 2008.

(4) “O xenio de Kuala Lumpur”, de Francisco Seoane Pérez. *43°N 8°W*, boletín nº 10, 2007.

(5) Charla “Relación Universidad –Empresa: Casos de éxito” por Alfons Cornella, de “We update you”, Infonomía. Organizado pola Asociación de Bolseiros Fundación Pedro Barrié de la Maza, 28 de decembro de 2009.

## Laureano Simón, José López Serrano e a empresa Galchimia, tres casos de iniciativas empresariais partindo dende cero

Hai certamente poucos exemplos de bolseiros emprendedores. Citarei dous exemplos e un que, aínda que os seus criadores non son bolseiros da Fundación si exemplifican o caso de doutores moi especializados que atopan un nicho de mercado en Galicia.



**NetSpira**  
Networks

 GalChimia

**Laureano Simón** (bolseiro da promoción de 1992) creou no ano 2000 a empresa de biotecnoloxía Progenika Biopharma, S.A., da que é conselleiro delegado. Con outros 2 socios, e a axuda de fondos de capital risco levantou un capital social inicial de 1 millón de euros. Agora dá traballo a máis de 150 profesionais de alta cualificación, dispón dunha carteira de patentes e produtos que se venden dende Kuwait a Boston, e é a orixe dun grupo (Progenika group) que abarca cinco empresas (Progenika Biopharma, S.A., Progenika Inc., Proteomika, S.L., Abyntek Biopharma, S.L. e BRAINco Biopharma, S.L.). Máis información sobre a empresa en [www.progenika.com](http://www.progenika.com)

**José López Serrano** (bolseiro da promoción de 1994) fundou en 2001 a empresa Netspira Networks. Cun investimento dun fondo de capital risco, Netspira medrou desenvolvendo software de telecomunicacións móbiles con profesionais con anos de experiencia internacional, entre eles varios bolseiros, e en 2005 foi adquirida pola multinacional Ericsson.

Un terceiro exemplo é a empresa **Galchimia**. Aínda que os seus creadores non están relacionados coa FPBM, si que é un exemplo de como dous doutores en Química Orgánica pola USC apostaron pola creación dunha empresa propia. Con pouco capital inicial (60.000 euros, contando co financiamento de Unirisco Galicia e logo un préstamo participativo) agora dan emprego a 25 persoas, 10 delas doutores, e é unha das empresas especializadas punteiras do seu sector. Máis información sobre **Galchimia** en [www.galchimia.com](http://www.galchimia.com)